cooperación pobo a pobo

EntrePobles
EntrePobos
herriarte
EntrePueblos

71

revista periódica · xuño 2019

A APOSTA DO FEMINISMO POR UN NOVO SENTIDO

A VERDADE DO CAMBIO CLIMÁTICO

CASO CHEVRON-TEXACO. A LOITA CONTRA A IMPUNIDADE CONTINUA

SUMARIO

3 A aposta do feminismo por un novo sentido común e vidas dignas para todas

5 XXXI Asemblea Xeral. Exercicio de democracia participativa

7 A verdade sobre o cambio climático

9 Caso Chevron-Texaco. Segue a loita contra a impunidade entre a rabia e a esperanza

11 Entrevista a Miguel Stedile, da dirección do MST: Brasil, o "post-shock" Bolsonaro

13 Programa de protección de defensoras e defensores en Mesoamérica

15 Impresións do 13. Taller de Paradigmas emancipatorios en Cuba

17 Quen sementa coidados, colleita cambios

18 Modernidades contrahexemónicas. Pluralismo xurídico e sistemas normativos indíxenas contemporáneos

Moitos feminismos están sinalando tamén os efectos do reforzamento do Estado autoritario que a saída neoliberal necesita

Cando un goberno elude intencionadamente a súa responsabilidade de protexer a cidadanía contra calquera dano e asegurar o futuro das vindeiras xeracións, incumpre o seu deber. O "contrato social" rompeu e, por iso, non só é o noso dereito, senón tamén o noso deber moral, eludir a inacción do goberno e rebelarnos para defender a vida

A vida misma está ameazada, pero para unha maioria non o sente así, e integran as inxustizas e a destrución, enmascaradas de progreso e desenvolvemento como norma e proposta e modelo desexable

EDITA
Entrepobos · Asociación declarada de utilidade pública UP-78093-SD
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Esteva&Estêvão

DEPÓSITO LEGAL
B-21094-89
Entrepobos non se identifica necesariamente coas opinións expresadas nos artigos do presente boletín

FOTO DA PORTADA
Demostración do 8 de marzo en Barcelona, fotografía de Sira Esclasans e Cardona @siraesca. Publicada na La Directa

AXÚDANOS A INCORPORAR A ENTREPOBOS NOVAS SOCIAS E SOCIOS
ASÓCIACHE E COLABORA ACTIVAMENTE Boletín de subscrición na contraportada

Necesitamos o teu apoio para crecer e seguir garantindo a nosa acción solidaria con AUTONOMÍA e INDEPENDENCIA

A aposta do feminismo por un novo sentido común e vidas dignas para todas

Justa Montero

Asamblea Feminista de Madrid

Entrepueblos Madrid

Vivimos nunha crisie estrutural marcada pola necesidade do sistema de seguir co proceso de acumulación de capital. Unha acumulación por desposesión dos recursos naturais e dos sociais, dos corpos e a riqueza que xeramos as mulleres co traballo de coidados, e desposesión dos tempos de vida e de dereitos

O feminismo enfróntase a moitos problemas concretos que fan insoportable a vida para a meirande parte das mulleres e, na busca do significado da vida digna para todas, apunta aos problemas estruturais. Estes teñen que ver con como organizar as nosas vidas, como vivir sen violencias, como nos relacionamos, que consumimos, cales son os valores e ese sentido común que nos permitiría falar de vidas dignas para todas. Obriga, polo tanto, a ver como se articula neste contexto o patriarcado co capitalismo racializado.

Hoxe líbrase unha auténtica disputa pola saída á crise. E o feminismo dispútao. As folgas de 2018 e 2019 son o testemuño do novo momento de interpelación feminista que xa se viña fraguando na última década. Visibilizaron un potente feminismo no que millóns de mulleres de todo o mundo nos sentimos convocadas para expresar o noso fastío pola dimensión e as distintas formas nas que o patriarcado se expresa nas nosas vidas.

Esta "nova onda feminista" ten que ver coa resposta a recortes de dereitos, dos dereitos sexuais e reprodutivos, ás violencias machistas, aos moitos efectos da crise nas nosas vidas.

As políticas patriarcais, austericidas, biocidas e racistas seguen afondando todas as desigualdades e xerarquías sociais: as de xénero, sexo, clase, etnia, nación, e supoñen agresións aos territorios e o progresivo esgotamento e degradación dos recursos naturais. Teñen un efecto devastador sobre as nosas vidas. Para empezar porque reforzan a lóxica económica e patriarcal de división sexual do traballo.

Recrúa a desigualdade entre homes e mulleres e tamén entre mulleres no traballo asalariado; ao volver situar as mulleres como xestoras dos fogares e os coidados convértenos nas primeiras afectadas pola expulsión das vivendas, pola pobreza enerxética, pola privatización da reprodución social. Unha precarización que deriva, tamén, da falla de recursos, do endebedamento, pero que vai máis alá dos aspectos económicos. Afecta ao corpo cando non se recoñecen, por exemplo, identidades non normativas, aos nosos proxectos e a horizontes vitais.

Pola saída que dan á crise dos coidados baseada na des-responsabilización do Estado e os homes e, polo tanto, na reprivatización do seu traballo no marco das familias, supón un aumento da carga de traballo das mujeres e a deterioración das condicións de traballo das que os realizan (dende as mulleres nos fogares, as traballadoras do fogar, ás dos servizos sociais).

Enfróntanse así á análise que dende a economía feminista visibiliza

a interrelación da produción e a reprodución social como parte do mesmo proceso económico, poñendo sobre a mesa a necesidade dun cambio de paradigma económico.

Moitos feminismos están sinalando tamén os efectos do reforzamento do Estado autoritario que a saída neoliberal necesita. Por iso asistimos a unha intensificación do Estado penal, ao reforzamento da vía "punitivista" como resposta ás violencias machistas, á retórica "securitaria" fronte á inseguridade que o propio sistema xera. Require cada vez máis do "disciplinamento

e moralización" da sociedade, da sexualidade e os corpos das mulleres, volvendo así a establecer a distinción entre as boas e malas mulleres. E, posto que a súa saída é claramente racista, require CIEs e leis de estranxeiría, muros e valados que establecen outra cruel distinción entre as vidas que lles valen e das que queren prescindir. A revolta contra isto formou parte do sentido da mobilización do 8M.

Entrepobles Alacant

A DIVERSIDADE: UNHA CLAVE DA REVOLTA FEMINISTA

Outro aspecto que explica o actual transitar do feminismo é o proceso polo que se vai armando o mapa dos conflitos que atravesan as nosas vidas. Isto supón entrar de cheo no debate sobre o sentido, político e subxectivo, da diversidade. Dar voz á diversidade das mulleres non se inscribe na lóxica de adaptación ao mercado na súa busca de novos nichos de negocio, nin en constituírse en novas consumidoras, como busca o neoliberalismo. Trátase de articular unha proposta inclusiva de cambio das condicións de vida do 99% das mulleres.

A interseccionalidade soa a *palabro* e, non obstante, é unha ferramenta teórica moi útil para entender a dimensión transformadora da diversidade das mulleres. Sinala a relación entre os diversos modos de opresión, patriarcal, capitalista, colonial, as estruturas sociais nas que se apoia e as relacións de desigualdade e poder que xeran, ao que o ecofeminismo engade a súa relación cos procesos de explotación dos recursos e o medio ambiente.

É o que permite falar dun feminismo anticapitalista e antirracista que loita contra a hetero-normatividade, que non entende a diversidade como unha suma de identidades particulares, nin como unha excusa para establecer xerarquías de opresións, senón que intenta comprender como operan esas xerarquías sociais sobre as condicións materiais de vida e a subxectividade das mulleres. A situación das temporeiras da amorodo de Huelva, atravesadas pola súa condición de mulleres, traballadoras, "migrantes" e marroquíes, vítimas da explotación, a violencia sexual e o racismo, é un claro exemplo.

Esta perspectiva fala dun suxeito feminista inclusivo, dunha axenda feminista atravesada polo recoñecemento desta diversidade, da axencia das mulleres, da súa capacidade para tomar a palabra e expresar. O contrario supón manter unha situación de privilexio no establecemento das necesidades, as reivindicacións e a axenda feminista. E, como sinala Chandra Mohanty, "situarse no privilexio é o que alimenta a incapacidade de ver ás que non o comparten"; contra ese perigo alertan as mulleres que o sistema exclúe e criminaliza, as que sofren os novos xeitos de explotación, as traballadoras do sexo que están organizadas, as mulleres racializadas, as mulleres que deciden pór o hiyab ou as persoas trans.

A diversidade e a perspectiva interseccional é parte do que está a dar un significado global ao feminismo e explica a profundidade da contestación feminista, o impacto social, político e mediático do proceso do 8 de marzo, da súa mobilización, masiva e inclusiva.

NOVAS PRÁCTICAS INTERNACIONALISTAS FEMINISTAS

Pero esta "nova onda feminista" bebe tamén dun novo internacionalismo. Conectadas por redes e encontros, a política do contaxio ampliou os seus horizontes dende os feminismos locais. Traduce en clave feminista a relación que o capital e o patriarcado establecen entre o Norte e o Sur global. Son as cadeas globais de coidados polas que se transfiren os coidados das mulleres do Sur ás súas familias, ás mulleres do Norte e ás súas. Son os efectos das empresas extractivistas do Norte global para apropiarse de recursos e terras en países como os centroamericanos, onde asasinan a feministas defensoras de dereitos humanos, das súas terras e recursos, ou as expulsan dos seus territorios e as obrigan a migrar; como sucede coas mulleres que fuxen das guerras que provocan a apropiación do Norte global dos seus recursos. Son as violencias que asasinan e violan a mulleres, ás que traspasan fronteras na trata con fins de explotación sexual, mulleres que poden acabar pechadas nun CIE sen que o Estado lles ofreza ningunha protección. E son as que sofren a violencia institucional que representa a negación de asilo a mulleres que saen dos seus países por ser trans ou lesbianas.

Este internacionalismo, tecido sobre prácticas feministas transnacionais, non cae nas continuas trampas que dende o poder transnacional tratan de xustificar, no nome da defensa dos dereitos das mulleres, políticas militaristas, invasións a países, políticas antiinmigración e islamófobas.

Son tamén prácticas que suman esforzos para articular as resistencias feministas a unha extrema dereita que se presenta como solución á crise, tratando de impoñer unha saída ultraliberal e ultrapatriarcal. Por iso, os intentos de descualificar e deslexitimar o feminismo e a súa resistencia ao proxecto capitalista patriarcal estarán no centro dos seus ataques.

Tras as folgas feministas, o feminismo está disputando a hexemonía cultural, a axenda e o discurso. Está articulando as reivindicacións máis concretas, poñendo sobre a mesa unha proposta global, propoñendo un novo sentido común que impugna o que rixe a lóxica patriarcal, racista, capitalista e neoliberal. Un novo sentido común que necesitamos desesperadamente.

XXXI Asemblea Xeral Exercicio de democracia participativa

Carmen Sala Morcillo
e Montserrat Benito Soriano
Xunta de Entrepobos

Nesta ocasión a XXXI Asemblea Xeral de Entrepueblos-Entrepobles-Entrepobos-Herriarte, celebrouse en Zamora os días 11 e 12 de maio no Museo Etnográfico de Castilla y León. Ademais dun acto de debate, participación e democracia interna, foi un lugar de encontro, coidados e festa. O lema do encontro: "Revolucións cotiás, pequenas e globais para defender a vida"

Seguindo co noso compromiso coa transparencia e o bo goberno das entidades sociais, iniciamos coa presentación con todo detalle do *Balance Económico de 2018* e o *Orzamento para o 2019***.** Ambos os dous informes foron aprobados por unanimidade.

Moi significativa resultou a presentación d**a memoria de actividades de 2018**. A información sobre as dificultades de manter o número de persoas asociadas levounos a ver a necesidade de incrementar a base social, unha fonte de ingresos en fondos propios. En relación co noso traballo vencellado a proxectos de Cooperación e Educación, salientouse que en 2018 houbo un incremento de proxectos aprobados. Presentáronse as diferentes ferramentas e estratexias de comunicación que permitiron pór en marcha a nova Web.

De xeito coral presentáronse algunhas das máis de 390 actividades e/ou campañas (100 máis que o ano pasado) que durante o 2018 se realizaron nas diferentes organizacións territoriais, estruturadas a través dos nosos tres eixes temáticos interseccionais: Feminismos, Soberanías e Xustizas.

Justa Montero da Asemblea Feminista de Madrid, abriu un dos dous espazos de debate: *"A revolución feminista, novo sentido común para soster vidas dignas"*. Na súa intervención analizou como, no contexto neoliberal que vivimos, asistimos a unha articulación nidia entre o patriarcado e o capitalismo racializado. Falou das resistencias. **Os feminismos están articulando loitas dende as reivindicacións máis concretas, pondo sobre a mesa unha proposta global e propoñendo un novo sentido común.** Trátase, ao seu entender, de articular unha proposta inclusiva de cambio das condicións do 99% das mulleres, e explica a profundidade social da contestación feminista, a súa amplitude e transversalidade. A diversidade, a perspectiva interseccional e unha visión internacionalista é o que está a dar un significado global ao feminismo. É o que permite falar dun feminismo anticapitalista e antirracista.

Con Marta Pascual, de Ecoloxistas en Acción, debatimos sobre a *"Rebelión pola vida fronte á emerxencia climática e ecolóxica"*; dieixounos unha precisa mensaxe sobre que nos atopamos diante **dunha emerxencia climática** sen precedentes, que pon en cuestión a propia supervivencia da humanidade. **Tras décadas de inacción ante o crecemento da depredación capitalista e patriarcal de todos os ecosistemas e bens naturais, hoxe o cambio climático xa está actuando como multiplicador das ameazas e vulnerabilidades das poboacións desprazadas, a inseguridade alimentaria, a deforestación, os asolagamentos, as secas, os desequilibrios dos ecosistemas e tantos outros factores, que moitos deles afectan principalmente ás mulleres e ás nenas.** Nunca se puxera tan evidentemente de manifesto o conflito entre o capital e a vida.

Ambos os dous espazos continuaron con talleres simultáneos nos que a xente das organizacións territoriais de Entrepobos debatimos, interconectamos os dous temas e propuxemos ideas e liñas de actuación para Entrepobos.

As persoas que participaron no taller sobre **feminismos** tiñan diversidade de olladas, unhas moi vencelladas a organizacións feministas, outras que traballaban con perspectiva feminista dende Entrepobos e tamén personas relacionadas con outros movementos sociais. Debateuse sobre a diversidade de situacións que se viven nos distintos territorios, a forza das masivas mobilizacións do 8 de marzo (iniciadas no 2018 e que se ampliaron no 2019). Identificáronse as principais ideas forza do noso compromiso feminista, nas que xa estamos a traballar o enfoque internacionalista, a importancia de promover diálogos interxeneracionais máis políticos, a denuncia cara a situación das migrantes e refuxiadas (fronteiras físicas e simbólicas) e, finalmente, partilláronse todos os materiais nos que temos traballado e que poden apoiar os nosos activismos feministas.

No taller sobre a **emerxencia climática e ecolóxica** informouse e discutiuse sobre os novos movementos xurdidos nos últimos meses, a nivel internacional, facendo un repaso da súa incidencia a nivel local nos territorios nos que estamos presentes. Falouse máis polo miúdo da conveniencia de formar parte como Entrepobos da plataforma "2020 Rebelión polo Clima", dado que é a única que está constituída explicitamente por organizacións, e noutras iniciativas o activismo é a título individual. Por outra banda, falouse da visión "deseurocentrada" que podiamos aportar a estes movementos dende a nosa experiencia e alianzas internacionalistas.

Ao mesmo tempo desenvolveuse un terceiro taller sobre **coidados**. Coa recente creación da Comisión de Coidados de Entrepobos, valorouse a importancia de que este tema fora un aspecto transversal a toda a asemblea e que, á vez, se lle adicara un espazo de formación. Practicouse a escoita activa e compartiuse a observación, tanto ao escoitar como ao ser escoitadas. Outra dinámica permitiu partillar as necesidades e motivacións que levaran ás participantes ao seu compromiso con Entrepobos. **Por último, compartíronse algunhas reflexións acerca das necesidades de coidar como nos comunicamos, do recoñecemento mutuo e de repensar: que impactos ten o traballo que realizamos en relación co esforzo individual e colectivo?**

Despois de toda a intensidade dos nosos debates e talleres, tivemos espazo para a festa e a diversión coas actuacións musicais.

Paralelamente á nosa Asemblea Xeral celebrouse a *"Peque Asemblea"*, dinamizada polo grupo *Planeta Ped de Zamora***,** cuxo proceso de traballo se visibilizou no plenario final. As peques e os peques compartiron toda a súa capacidade creativa a través do xogo vivencial, manifestando as aprendizaxes de respecto e compromiso cara as persoas e o medio ambiente.

Chegamos á Clausura con grandes doses de alegría, compromiso e satisfacción polo traballo realizado. Moitas foron as emocións compartidas; a acollida que nos brindaron as nosas xentes en Zamora deixa, como sempre, o listón moi alto para a vindeira celebración da XXXII Asemblea.

A verdade sobre o cambio climático

Àlex Guillamón
Coordinador de Entrepobos

Aínda que con retraso, os medios do noso país acabaron facéndose eco dun dos fenómenos dos últimos meses: Greta Thunberg, a nena de 16 anos que, coa sensibilidade especial da síndrome de Asperger –neste caso un valor– iniciou unha loita en solitario denunciando a inacción dos gobernos e as elites mundiais fronte ao "cambio climático"

Aínda que con retraso, os medios do noso país acabaron facéndose eco dun dos fenómenos dos últimos meses: Greta Thunberg, a nena de 16 anos que, coa sensibilidade especial da síndrome de Asperger –neste caso un valor– iniciou unha loita en solitario denunciando a inacción dos gobernos e as elites mundiais fronte ao "cambio climático".

O xesto de Greta é importante, porque é unha proposta clarividente para a nova xeración de cómo ubicarse neste mundo co que se atoparon. Pero, ao mesmo tempo, tamén reúne todo o que os medios comerciais fagocitan para crear iconos de consumo mediático. Por iso, o mellor que poderiamos facer para respectar a dignidade de Greta Thunberg é deixar de falar tanto dela. Porque, se Greta é o dedo que sinala a lúa, faríamos mal en quedarnos mirando o dedo.

NACE UN NOVO MOVEMENTO

O pasado mes de novembro a City de Londres vía como 5 pontes do Támesis quedaban bloqueadas nunha acción coordinada de máis de 6.000 activistas dun novo movemento: **Extinction Rebellion**. A acción rematou con 50 detencións. Poucos meses despois xa atopamos núcleos de Extinction Rebellion –aquí Rebelión ou Extinción– polos cinco continentes.

Máis ou menos ao mesmo tempo constituíase **By 2020 We Rise UP** ("2020 Rebelión polo Clima" na península ibérica), unha coalición europea de movementos e organizacións ecoloxistas e de solidariedade, na que participa Entrepobos, algúns cunha longa traxectoria na defensa do territorio fronte a proxectos extractivos e grandes infraestruturas, como Ende Gelände de Alemania ou outros de Austria, Suíza, Francia, a República Checa, Polonia, Portugal e o Estado español. O principal obxectivo é organizar unha grande acción pola emerxencia climática e ecolóxica o vindeiro ano.

E a partir de xaneiro pasado, inspirados no xesto e a mensaxe de Greta Thunberg, fóronse extendendo rapidamente de instituto en instituto e de cidade en cidade a partir do centro de Europa por todo o continente os **Fridays For Future** mobilizando ducias de miles de estudantes.

Non entraremos a analizar unha por unha estas novas iniciativas. O que nos interesa agora é a mensaxe común, que nos permite falar dun novo movemento. En realidade non é unha mensaxe nova, nada que non veña dicindo unha parte da comunidade científica e o ecoloxismo social dende hai décadas. Pero agora a mensaxe emerxe cunha nova forza e énfase. Podémolo resumir cun parágrafo do manifesto asinado por un cento de científicos e científicas británicas o pasado outubro:

> *A evidencia científica é nidia, os feitos son irrefutables e para nós é intolerable que os nosos fillos e netos teñan que sufrir as terribles consecuencias dun desastre sen precedentes que temos creado nós mesmos. [...]* ***Cando un goberno elude intencionadamente a súa responsabilidade de protexer a cidadanía contra calquera dano e asegurar o futuro das vindeiras xeracións, incumpre o seu deber. O "contrato social" rompeu e, por iso, non só é o noso dereito, senón tamén o noso deber moral, eludir a inacción do goberno e rebelarnos para defender a vida.***
>
> *É por iso que declaramos o noso apoio a Extinction Rebellion que comeza o día 31 de outubro de 2018. Apoiamos plenamente as esixencias ao goberno para que explique a dura verdade á cidadanía. Reclamamos a creación dunha Asamblea Cidadá para que traballe coa comunidade científica baseándose nas evidencias existentes e de acordo co principio de precaución para desenvolver urxentemente un plan viable para a descarbonización rápida e total da economía.*

- Unha primeira mensaxe é, pois, que **xa non podemos seguir falando de cambio climático, senón de emerxencia climática e ecolóxica**. Porque o horizonte de eventos incontrolables e irreversibles, no é só moi grave, senón inminente. Por citar unha das proxeccións máis recoñecidas, a do IPCC, máis ben prudente e moderada nas súas mensaxes, temos ata o 2030 para reducir un 45% o nivel das emisións de 2010, e ata o 2050 para detelas completamente, se se queren ter posibilidades de limitar o aumento da temperatura por debaixo de 1,5 grados, incremento que por si mesmo xa conlevará consecuencias graves. E porque a todo iso hai que sumar tamén a gravidade e aceleración da perda de biodiversidade e ecosistemas, como sinalou recentemente o informe da *Plataforma Intergubernamental de Biodiversidade e Servizos Ecosistémicos* alertando da posible extinción de máis de un millón de especies de animais e plantas nas próximas décadas.
- Polo tanto é evidente que **estes obxectivos imprescindibles e improrrogables de redución de emisións conlevan unha xigantesca transición enerxética, económica, social, tecnolóxica e cultural sen precedentes.** Transformacións que normalmente na historia se teñen producido a través de xeracións, deben ser acometidas nun periodo moi curto de tempo, con todas as implicacións que iso conleva.
- En terceiro lugar dinnos que **non podemos albergar ningunha esperanza en que os gobernos e as elites mundiais encaren por si mesmas esta transición imprescindible mirando polo ben común,** nin en milagres tecnolóxicos que permitan manter a quimera do crecemento produtivo. Dende o Informe do Club de Roma de 1972 estas elites souberon cara a onde íamos cada hora, de cada día, de cada ano, en cada conta de resultados destas case 5 décadas. Deixar a xestión desta crise nas súas mans equivale a prepararnos para o fascismo, é dicir, para gobernos altamente autoritarios e para un elevado grao de violencia estrutural e física.

"ONDE MORRE A ESPERANZA, EMPEZA A ACCIÓN"

En todos os movementos emerxentes, a tendencia de pensarse como o inicio e o centro de todo é case inevitable. Pero a historia está feita sobre un ronsel de rebelións, case nunca vitoriosas, pero case nunca derrotadas por completo. A coraxe que convocan estes novos movementos non está en oposición coa humildade de pensarse como parte desta saga.

Sería moi pouco "científico", por exemplo, un relato da historia da enerxía fósil e do extractivismo capitalista sen falar de patriarcado ou de colonialismo, non só como feitos históricos, senón como realidades que seguen operando hoxe como poderosas lousas sobre os cambios necesarios. Porque o punto clave e o reto máis complicado para a transición que urxe non radica tanto nos cambios tecnolóxicos, como nos culturais, sociais e políticos.

E sería moi eurocéntrico pensar que a Rebelión pola vida se iniciou con estes movementos. Os pobos indíxenas noutras partes do mundo levan décadas, cando non séculos nesta resistencia. As últimas accións de Extinction Rebellion en Londres acapararon a atención dos medios pola súa creatividade, a participación masiva e polos máis de 1.000 arrestos que tivo que realizar a policía. Pero faríamos mal en esquecer que na última década foron asasinadas máis de 1.200 persoas en América Latina, Asia e África por defender os seus ríos, as súas terras, os seus bosques, etc., é dicir, por defender o futuro de todo o planeta.

Andrew Tijou

Londres: activistas de Extinction Rebellion encadéanse no cruce de Marble Arch

Temos que ser conscientes de que, en todo caso, a importante e moi positiva novidade destes movementos recentes consiste en que agora unha parte da cidadanía de países do norte global empece a sentirse implicada no seu propio futuro e tome conciencia da necesidade de incorporarse a esta defensa.

Pero, á vez, con todas as luces e sombras que lle poidamos atopar, este novo movemento leva unha mensaxe que o trascende, un berro da conciencia humana que chegou para quedar. Porque, como titulou Naomi Klein, "isto cámbiao todo".

E é aquí onde hai que abordar **a parte emocional da mensaxe.** Estamos a falar dunha das realidades máis duras que pode asumir, individual e colectivamente, a conciencia humana: a ameaza certa sobre o futuro da humanidade nun horizonte temporal próximo. E tamén da necesidade de desfacerse da seguridade e comodidade que dalgún xeito temos, en que hai unha elite que se encarga de organizarnos racionalmente o mundo, por moi críticas que sexamos sobre a súa racionalidade.

O mundo, tal como o temos coñecido, acaba. E o mundo que vén apunta de entrada un mal pronóstico. Sentir este dó é importante na medida en que nos indica que temos entendido ben a situación, pois ás veces as verdades máis enormes son as custa máis ver. Pero este exercicio non ten como obxectivo o abatemento, senón que é un paso para poder asumir en toda a súa dimensión **o empoderamento social necesario para rebelarnos organizadamente contra este mal pronóstico.**

O logo de *Extinction Rebellion*, un reloxo de area, ponnos diante da cara que o factor tempo é clave. Que xa non estamos ante a "verdade incómoda" da que nos falaba Al Gore a principios de sécuo. Máis alá dos debates sobre datas e prazos exactos, máis profético e mediático que científico, a cuestión é que estamos no tempo de desconto, no tempo da verdade núa, sen adxectivos, onde as palabras e os feitos xa non poden ir por diferentes camiños. O tempo de pór en xogo o mellor que a humanidade cultivou para o ben común. Tempo de convocar o mellor de todas e todos. Porque, como di un dos lemas que se berraban nas pontes de Londres o pasado novembro, "onde morre a esperanza, empeza a acción".

Caso Chevron-Texaco. Segue a loita contra a impunidade entre a rabia e a esperanza

Pablo Fajardo Mendoza

Avogado da Unión de Afectados-as por Texaco (UDAPT)

Hai máis de 52 anos, a empresa petroleira Texaco, hoxe Chevron, iniciou as actividades de explotación e extracción de hidrocarburos da Amazonía Norte de Ecuador. Neste lugar, ademais de petróleo, había unha exuberante selva, unha riqueza vexetal, animal e ictiolóxica extraordinaria, pero sobre todo, unha diversidade de pobos orixinarios que convivían en plena harmonía coa natureza

Desenvolveran un elevado nivel de coñecemento da selva, dos elementos da vida. En palabras de Humberto Piaguaje, a selva chegou a ser o seu propio hospital, a súa farmacia, o seu mercado, a súa escola e universidade, o seu lugar de recreación, a selva é a vida dos pobos, desenvolveu un trato respectuoso mutuo. Ninguén tumbaba unha árbore sen antes pedirlle permiso e que non fose por unha gran necesidade, ninguén cazaba animais no bosque máis do que necesitaba, pescábase o necesario…, é dicir, tiñan o seu propio seguro de vida para as futuras xeracións, pese a que ata alí xa se enfrontaran e sobreviviran á época do caucho, xa se internaran na súa selva uns cantos misioneiros do ILV[1].

Porén, ao iniciar as súas actividades a empresa Chevron, inmediatamente empezou a talar as árbores sen pedir permiso a ninguén, xeraban ruídos con maquinaria que internaban no bosque e espantaban os animais. Empezou a verter nos ríos un líquido negro e aceitoso chamado petróleo. Verteron miles de millóns de litros de auga salgada en todos os ríos da zona. Abrían camiños e estradas na selva, que quedaban cubertos con petróleo. Abriron fosas en todos os sitios que crían conveniente para depositar lodos velenosos, lixo, colocaban fachos, mal chamados "mecheros" en todos os lugares, con linguas de lume xigantes que se convertían en verdadeiros cemiterios de insectos, aves, bolboretas… É dicir, escorrentaron o espírito da selva que era quen daba vida aos pobos, aniquilaron a alimentación dos pobos indíxenas, violaron a terra.

Ah!..., pero non só iso, tamén moitas mulleres indíxenas foron violadas, acosadas, humilladas por empregados de Texaco. Os traballadores da petroleira burlábanse da vestimenta, do idioma, da alimentación dos pobos indíxenas. Introduciron o licor para reemplazar a bebida de Yaje entre os pobos orixinarios. Foise acabando coa vida dos pobos ou Nacionalidades: Tetetes, Sansahuari, Siona, Siekoai, Kofan. Os pobos indíxenas e despois tamén os campesiños, non tiñan a quen nin a onde recorrer. O Estado estaba aliado coa forza pública para reprimir os pobos que se levantaban, non para defendelos da agresión.

Hoxe, 52 anos despois, ese crime segue cobrando vidas. Segundo un último estudo de saúde que como UDAPT[2] e Clínica Ambiental[3] realizamos, cada ano xéranse polo menos 200 novos casos de cáncer na zona onde operou Chevron. Existen algúns tipos de cáncer, como o cáncer de estómago en homes e mulleres, que é ata 8 veces máis alto que no resto de Ecuador, Leucemia, 5 veces máis alto que no resto de Ecuador, entre outros. En fin, trátase de un dos peores crimes, causado por unha empresa petroleira en contra da Natureza, dos pobos indíxenas, dos campesiños, da vida.

Os pobos vítimas dese crime, sabendo quen é o criminal, hai máis de 25 anos, iniciamos unha loita xurídica, social, política, comunicacional por lograr acceso á xustiza e reparación. **Nestes últimos seis anos, temos vivido unha loita especial en Canadá, Brasil, Arxentina e Estados Unidos, polo acceso á xustiza, polo respecto á nosa dignidade, polo ben común. Co último fallo da corte canadense está claro que estes países falláronlle á humanidade e á xustiza.** Estes Estados négannos o dereito a acceder á xustiza.

Por que non existe xustiza? Cales son eses obstáculos que enfrontamos?

Sempre dicimos que existe un sistema invisible, abstracto, que protexe as corporacións. Pero … Cal é ese sistema? En que consiste? Cales son as pezas fundamentais que o compoñen e que se converten na gran coiraza de aceiro para as transnacionais?

Aquí lles describo unhas poucas experiencias ou vivencias.

a) **ASIMETRIA ECONOMICA.** Chevron contratou varios bufetes de avogados en Canadá, Brasil e Arxentina, non só para que a defendan, senón para que ataquen aos que defendemos os nosos pobos. Puxo a traballar máis de 600 avogados nesa xurisdición, outros centos en Brasil, Arxentina e Estados Unidos, en total máis de 2000 avogados traballando para defender o criminal. Adicionalmente contratou ducias de empresas de comunicación e lobbies e mesmo outras de espionaxe e persecución, como a empresa norteamericana Kroll. É dicir, implementou un verdadeiro exército. Mentres que a UDAPT, os que exercemos esta defensa, estamos acompañados non por clientes, senón por máis de 30.000 compañeiros e compañeiras de loita, pero todas pobres. Non temos diñeiro para contratar expertos en ningunha materia, nin para viaxar e dicir a verdade nas cortes. Para facer máis grave o escenario, a mesma petroleira, acadou que en Canadá, por exemplo, no mes de maio pasado, o sistema xudicial, ordene á poboación indíxena e campesiña da Amazonía que lle paguen os custos xudiciais a Chevron, fixadas en 350.000 dólares canadenses. Noutras palabras, a vítima debe pagarlle ao criminal.

b) **XURISDICIÓN.** Este é outro tema que usou Chevron para o seu beneficio. Sempre alego que a Xustiza canadense, a xustiza de Brasil, Arxentina e Estados Unidos, non son o foro conveniente, que os xuíces deses países non teñen xurisdición para xulgar á transnacional. Nós preguntamos. E cales son os xuíces competentes que poden xulgar ás transnacionais? Onde están? Máis directamente, onde se xulga a estes criminais?

c) **SUBSIDIARIAS.** O argumento que puxo Chevron dende o inicio en cada Estado, foi que os bens de Chevron Canadá, Brasil ou Arxentina, non son de propiedade de Chevron Corporation. Din eles, que non se lle pode cobrar a unha empresa subsidiaria, a débeda que é de "outra" empresa. Fixeron aparecer cada empresa local, como autónoma, como independente, que non está sometida á matriz. Todos sabemos e comprendemos que iso é falso, que todo o diñeiro que inviste Chevron en cada país vén da súa matriz e que a utilidade ou o diñeiro, moitas veces manchado de sangue en cada país, vai ao peto dos accionistas de Chevron matriz. Todo o mundo o sabe. Menos os xuíces de Brasil, Arxentina e Canadá. En Canadá, por exemplo, dende Chevron matriz a Chevron Canadá, existen 7 niveis de empresas subsidiarias, todas creadas en paraísos fiscais, ao final todo de propiedade absoluta de Chevron Corporation, como eles mesmos o declaran cada ano diante da SEC en Estados Unidos[4].

d) **SISTEMA ISDS.** Este é o mecanismo de pechar a coiraza que volvería invulnerable a defensa das transnacionais. No caso Chevron, alá polo ano 2009, cando esta transnacional se decatou de que as probas que acumuláramos no expediente en Lago Agrio eran contundentes, que a petroleira xamais podería demostrar que non hai contaminación e que non son eles os responsables dese crime, cando viu que a proba nos facía invencibles en Ecuador, optou por recorrer a un panel de árbitros privados, baixo o sistema UNCITRAL de Nacións Unidas, e alí propuxo unha arbitraxe en contra do Estado ecuatoriano. Inicialmente esa arbitraxe non nos preocupou: tratábase dun proceso entre Chevron e o Estado. Os afectados, a UDAPT como colectivo, NUNCA fomos, non somos, nin seremos parte desa arbitraxe. Pero, unha vez que a Corte Constitucional de Ecuador, no mes de xuño de 2018, adoptou a decisión de rexeitar un último recurso de Chevron, e que despois dese fallo, non existe en Ecuador ningunha lei vixente que permita formular outro recurso. É dicir, a UDAPT, os afectados, os pobos indíxenas, contra todo prognóstico, gañaron en forma definitiva esta batalla en Ecuador. Pero claro, o 30 de agosto do mesmo 2018, emitiu un laudo arbitral que rompe os esquemas de abuso do dereito, arbitrariedade e irrespecto ás leis dos Estados e dos Dereitos Humanos. **Nese laudo arbitral, os árbitros, ordéanlle ao Estado ecuatoriano que proceda a anular a sentenza do caso Lago Agrio, que impida aos demandantes do caso Lago Agrio executar a sentenza fóra de Ecuador, que o estado debe pagarlle a Chevron o dano moral e o gasto que lle causaron con este xuízo. Outra vez, a vítima debe pagarlle ao criminal e agradecerlle matar o noso pobo.** Ese laudo é inaplicable; non obstante, como UDAPT e eu personalmente presumimos hoxe o Goberno de Ecuador converteuse nunha peza máis do sistema que serve para garantir a impunidade ás Transnacionais.

MANTEMOS VIVA A ESPERANZA

Vivir toda esta realidade de dor, humillación, exclusión e morte na nosa selva, non é fácil, pero aínda máis complexo é vivir a realidade de inxustiza e de difamación constante, de persecución e ameazas aos que defendemos os dereitos das nosas comunidades. En verdade, a veces parece que a esperanza se perde, que é imposible seguir a batallar contra todo un sistema. Pero, de socato, miras ao teu redor, e acadas ver milleiros de persoas na selva, campesiñas e indíxenas, os teus amigos e amigas enfermas, pero que, pese a iso, seguen a loitar e que che din: "Non claudiques", que se non logramos que isto se arranxe todas as nosas futuras xeracións estarán condeadas a vivir neste crime. Ergues a ollada ao mundo e acadas ver milleiros de persoas dispersas por todo o mundo que loitan igual que nós, que apoian loitas como estas, que existen colectivos, ONGs, que non se dan por vencidas tampouco e que che dan moitas palabras de esperanza…, outra vez un érguese e di:

"Carallo, mentres poida respirar, mentres teña vida, mentres teña compañeiros e compañeiras, a esperanza non se apaga. Grazas a todos vostedes por xerar ese raio de esperanza… Que a natureza, a terra, a selva, os ríos ou Deus llo pague A LOITA CONTINÚA…"

Notas:

1. O ILV é o Instituto Lingüístico de Verano, un grupo misioneiro norteamericano que chegou á selva amazónica de Ecuador no ano 1957 e serviu de punta de lanza para o ingreso da empresa Texaco en territorio dos pobos indíxenas.
2. A UDAPT é a Unión de Afectados e Afectadas polas Operacións de Texaco. Reúne de xeito colectivo as Nacionalidades Indíxenas, Siona, Siekopai, Kofan, Comunidades Shuar, Kichwas, Waorani e campesiños.
3. A Clínica Ambiental é unha ONG que realiza actividades de saúde integral nas Provincias de Orellana e Sucumbíos.
4. A SEC é a entidade de control corporativo nos Estados Unidos onde todas as Corporacións rexistradas nese país, declaran o seu patrimonio. Alí cumpriméntase o formulario coñecido como 10-K. Chevron alí declara que o seu patrimonio está composto polas subsidiarias de todos estes países.

Indymedia Argentina

Entrevista a Miguel Stedile, da dirección do MST: Brasil, o "post-shock" Bolsonaro

Miguel Stedile *(MST)* e Sergio Ferrari *(Globalización.ca)*

A escasos catro meses de iniciada a nova etapa política que vive Brasil, os movementos sociais reorganizan a súa estratexia e anticipan un balance preliminar. A chegada ao Goberno de Jair Bolsonaro o 1 de xaneiro "non foi un accidente", senón o resultado dunha estratexia do gran capital, salienta Miguel Enrique Stedile, 41 anos, membro da Coordinación Nacional do Movemento de Traballadores rurais sen Terra (MST)

Sergio Ferrari: Cales son os efectos visibles da nova política de Bolsonaro para o campo?

Miguel Stedile: Antes quixera introducir un elemento contextual. O novo Goberno, cun discurso agresivo e a súa política antisocial, non constitúe nin un accidente histórico nin unha ruptura na vida de Brasil. Representa a continuidade do proxecto que os poderosos, o gran capital, teñen para o meu país. Trataron de influenciar o goberno de Dilma Rousseff e, como non foi posible, reemplazárona por Michel Temer e hoxe institucionalízase coa chegada de Bolsonaro. Iso explica que moitas das políticas actuais, tanto no campo como a nivel xeral, expresan a continuidade do que se viña dando nestes últimos dous anos. A nivel de exemplo, subliño dous elementos específicos da súa política agraria. A brutal, salvaxe e case diaria liberalización dos agrotóxicos e pesticidas, concesión directa ás grandes empresas do ramo. E o retiro case total da presenza do Estado na agricultura, acorde coa ideoloxía ultraliberal deste goberno. Iso significa a redución á súa mínima expresión dos ministerios e secretarías responsables do tema agrícola. Designaron como ministro á cabeza deste sector, a Nabhan García, gran terratenente, promotor das milicias rurais de extrema dereita. Este desmantelamento evidente das estruturas do Estado para o campo corresponde tamén ao que executa coas institucións responsables do medio ambiente e coa FUNAI, organización que se ocupa da política cara os pobos indíxenas.

Sergio Ferrari: Cunha retórica confrontativa?

Miguel Stedile: Un discurso conservador que non é novo no campo. **A novidade é que agora esa retórica, a través do proxecto de Bolsonaro, tamén se implanta con forza nas cidades. E que ese discurso, faise oficial, institucionalízase.**

A RESISTENCIA ACTIVA

Sergio Ferrari: Ante esta situación, cal foi a resposta do MST e os outros movementos sociais?

Miguel Stedile: A partir do resultado electoral, non só nós, senón a meirande parte dos movementos populares, reiteramos o noso convencemento de que as mobilizacións deben continuar. Porén, con novas metodoloxías. Tendo máis coidado, máis planificación, concentrando as enerxías, evitando illarnos. Impulsamos a resistencia activa, que inclúe accións máis intelixentes. Por exemplo, o pasado 8 de marzo, para o día internacional da loita das mulleres, as nosas compañeiras decidiron realizar dúas principais accións centralizadas: unha, contra un terratenente acusado de abusos sexuais múltiples, e outra, contra la empresa Vale, implicada nas traxedias de Mariana e Brumadinho. O 14 de marzo, polo aniversario da militante Marielle Franco, o carácter da mobilización foi distinto e realizáronse moitas manifestacións. O 17 de abril pasado, día internacional da loita pola terra, promovemos cinco ocupacións de terreos públicos

Vía campesina

federais. Cun primeiro de maio inédito, convocado baixo o signo da unidade. Insisto, a lóxica é a resistencia activa, intelixente, concentrando forzas.

Sergio Ferrari: Puideron xa os actores progresistas brasileiros –movementos, partidos, sindicatos etc.– dixerir o tropezo electoral?

Miguel Stedile: Está en proceso. Tratouse non só dunha derrota electoral, senón ideolóxica, porque un bo sector dos pobres votou o programa da dereita. Prefiriron arriscar a perda de dereitos coa ilusión de manter o emprego. Foi unha derrota moi dura e os partidos progresistas, por exemplo, están pechando as feridas, tratando de relanzarse. Hai por diante tarefas desafiantes, como falar de novo coa poboación, a formación política, impulsar unha nova pedagoxía política e participativa…

Sergio Ferrari: Promoveron nestes catro meses, novas ocupacións de terras?

Miguel Stedile: Despois da elección do novo presidente, o poder xudicial sentiuse gratificado e lanzaron peticiónss de desocupación de áreas nas que estabamos dende hai anos. Entón, a nosa estratexia, foi a de non lanzar novas ocupacións, senón garantir a nosa presenza activa nesas terras ameazadas.

UNHA MESMA CRISE CONTINENTAL

Sergio Ferrari: Cal é a súa preocupación principal de cara ao futuro?

Miguel Stedile: Como na época da ditadura pasada, a institucionalización da represión créanos interrogantes moi profundos. Como vai actuar o policía de abaixo, no cotián, no barrio, na vila, na comarca? Ao sentirse apoiado por eses mecanismos institucionais represivos… e defendido polo imperio total da impunidade.

Sergio Ferrari: Sinalou en varios momentos das súas intervencións públicas durante esta xira europea, que a realidade de Brasil non está illada do que vive toda Latinoamérica, e mesmo da nova realidade mundial…

Miguel Stedile: Sen dúbida. Enfrontámosnos a unha profunda crise estrutural do sistema capitalista, que vive a distancia crecente do sector financeiro-especulativo, (que aparece como o máis dinámico), da base produtiva real. Para tratar de resolvela, o sistema apunta a dúas respostas principais: a redución dos dereitos e conquistas sociais, como medio para limitar os custes, e a destrución salvaxe da natureza.

Ademais, percibimos un novo periodo xeopolítico cun polo China-Rusia confrontado cos Estados Unidos de Norteamérica. E nese marco, o intento do goberno norteamericano de recuperar a súa preeminencia en Latinoamérica. Desarticulando a onda progresista que vivimos ata hai pouco. Como parte desa estratexia, desmantelan aceleradamente todas as ferramentas de integración rexional como a UNASUR (Unión de Nacións Suramericanas). Para implementar a súa lóxica, o sistema, que utiliza tácticas diferentes para cada país, no caso de Brasil, recurre a un personaxe como Bolsonaro e un Estado fortemente represivo.

Artículo publicado en globalizacion.ca
Dereitos de autor © Miguel Stedile and Sergio Ferrari

Programa de protección de defensoras e defensores en Mesoamérica

Jordi Rubió

Área de cooperación de Entrepobos

A través do programa de protección a defensoras e defensores "Fortalecemento das capacidades organizativas e de protección fronte a situacións de criminalización das organizacións sociais e comunidades que defenden o dereito ao territorio e aos bens naturais e os dereitos das mulleres"

Financiado pola Agència Catalana de Cooperació al Desenvolupament, ACCD, estableceuse unha alianza con Brigades de Pau-Catalunya, para realizar unha intervención conxunta en catro países da rexión mesoamericana.

A raíz da grave crise de violencia e violacións sistemáticas dos dereitos humanos, consideramos esta alianza de grande importancia dentro da nosa estratexia de cooperación nesta rexión. Dende hai décadas, tanto PBI como Entrepobos veñen acompañando a persoas, colectivos e organizacións en México, Honduras, Guatemala e Nicaragua. Trátase de organizacións indíxenas e campesiñas, feministas e organizacións de mulleres, coas que se coopera, no fortalecemento das súas capacidades organizativas e de protección fronte a situacións de criminalización social pola súa defensa do dereito ao territorio-corpo e aos bens naturais e os dereitos das mulleres.

Polo traballo e activismo que realizan, as persoas defensoras de dereitos humanos son vítimas de vixilancia, acoso, ameazas, ataques, chantaxes, acoso sexual e ata asasinatos, o cal vese agudizado debido a que o contexto no que desenvolven o seu labor caracterízase pola presenza de violencia, desigualdade, illamento e marxinalización.

Segundo Global Witness, no 2017 alomenos 207 persoas defensoras foron asasinadas, das que o 60% eran de América Latina.

O obxectivo desta persecución e criminalización das defensoras e defensores é pechar o seu espazo político para actuar, silenciándoos e, desta maneira, impedir o seu traballo. É evidente, tanto a súa falla de protección, como a impunidade dos que atentan contra os seus dereitos e a súa vida en toda Latinoamérica. Por iso **consideramos prioritario dotar de ferramentas de protección e seguridade ás organizacións, así como posibilitar o acompañamento físico, político e psicosocial ás defensoras que o necesiten.**

Á súa vez, para garantir o fortalecemento interno das organizacións, consideramos esencial atender de maneira específica o dereito á participación das mulleres nos espazos de toma de decisións, así como abordar especificamente o tema da violencia contra as mulleres. As defensoras son albo de múltiples xeitos de violencia, tanto por defender o seu territorio, como por desafiar actitudes patriarcais nas súas comunidades, organizacións e familias. Historicamente tense usado a violencia contra as mulleres para instaurar o medo e silenciar a busca de xustiza.

O programa no que cooperamos PBI e Entrepobos é de dous anos e céntrase en varios eixos articuladores:

- Fortalecer as organizacións en seguridade e protección integral.
- Formación e espazos para o intercambio de saberes entre organizacións de mulleres defensoras de dereitos humanos.
- Fomentar espazos de articulación de axendas e intercambio entre os movementos de defensa do territorio, dos dereitos colectivos dos pobos indíxenas e feministas no Sur e no Norte.

Guatemala, visita de seguemento do programa

Entrepobos

- Incidencia pública para garantir a aceptabilidade e sustentabilidad no tempo do exercicio dos DDHH. Buscamos que as autoridades e responsables de formular políticas públicas en favor dos DDHH no ámbito nacional e internacional coñezan as vulneracións de dereitos que sofren as defensoras e defensores, así como os instrumentos legais que existen para a súa protección. Por outra banda, pretendemos contribuír a xerar unha opinión pública máis sensible á situación de organizacións sociais e comunidades que defenden o dereito ao territorio e aos bens naturais, e os dereitos das mulleres.

A intervención de Entrepobos céntrase en Guatemala co CUC acompañando as estruturas rexionais de mulleres na rexión "Gaspar Culán", Sololá e na rexión "Kaibil Balam", Huehuetenango, con talleres de formación política, DDHH e dereitos das mulleres e facilitando espazos de protección e de coidado para as mulleres defensoras. En Nicaragua, a través do Movemento Feminista e do Colectivo 8 de Marzo, estanse articulando organizacións e redes feministas, xerando feiras de intercambio de saberes entre mulleres organizadas, e enfrontando violencias machistas e realizando accións de incidencia reivindicativas.

Todas estas persoas defensoras son parte dunha loita global para a defensa do territorio-corpo, a preservación dos ecosistemas e a protección dos dereitos humanos. Dende as alianzas estratéxicas forxadas nos movementos de solidariedade do estado español e de Europa, estamos contribuíndo a esa loita, ampliando redes e coordinando accións para crear plataformas de organizacións para a protección de defensoras e defensores, como as que xa existen en Madrid, Barcelona e Valencia, ou formando parte da Rede Europea EU-LAT para a incidencia cara as institucións europeas e nos seus Grupos de Traballo sobre defensoras e defensores e sobre feminismos.

No marco deste programa e en coordinación con Calala, Suds, Taula per Colòmbia e Acción Internacional para a Paz (IAP), organizarase un seminario sobre persoas defensoras e protección internacional para o vindeiro mes de novembro. coa presenza do Relator de NN.UU. Michel Forst, no que se combinarán espazos formativos con grupos de traballo, difusión da temática coa presentación de documentais, partillando experiencias con redes e organizacións europeas e un concerto solidario.

Temos que seguir loitando para declarar territorios libres de violencia, libres de mineiría. Queremos a liberdade nos territorios, para así poder saudar a auga, a terra, o aire, como elementos vivos e non de comercialización. Lolita Chavez, Guatemala

Impresións do 13º Taller de Paradigmas emancipatorios en Cuba

Ana Ara e Bea Huber

Colectivo de Mujeres de Matagalpa

"Un diálogo de saberes, un espazo para pór en común diversas miradas e xuntxs poder buscar camiños, sendeiros, para maior xustiza social"

Os encontros de Paradigmas emancipatorios organízanse cada 2 anos n'a Habana, Cuba, como un esforzo por xuntar movementos sociais, feministas, indíxenas, académicos, para partillar e repensar os paradigmas que condicionan as nosas resistencias

Dende a nosa subxectividade como feministas, internacionalistas, acompañantes de Paradigmas, queremos compartir algunhas reflexións, resonancias sobre o XIII taller de Paradigmas Emancipatorios 2019.

CORPOS DE MULLERES FRONTE AO PODER HEXEMÓNICO QUE MATA

Ao escoitar os relatos de diversas realidades e territorios, alerta e doe constatar como o poder hexemónico capitalista, patriarcal e colonial atravesa as nosas vidas e se manifesta de diversas maneiras pero cun obxectivo común. É a sensación de ter a soga ao pescozo e que á vez se expande este sistema entre as fendas do noso ser e penetra nos nosos corazóns, organizacións, terrirorios. **A vida misma está ameazada, pero para unha maioria non o sente así, e integran as inxustizas e a destrución, enmascaradas de progreso e desenvolvemento como norma e proposta e modelo desexable.**

Quen se opón con maior forza, resistencia, claridade e contundencia á expropiación, militarización, criminalización, abuso e despoxo dos territorios en todos os sentidos son as mulleres. En Paradigmas eran as que máis voz tiñan e as que dende "o pequeno", nós diríamos dende a vida, resisten a este sistema de dominación múltiple, creando propostas de cambio real e sentido no subxectivo e no colectivo. Na maneira de estar, de facer, de propoñer e de escoitar e actuar.

O feminismo non era neste Paradigmas unha intención metodolóxica, senón un paradigma sentido e necesitado para a transformación social.

Sumáronse voces e propostas novas que traen outras enerxías e xeitos de organizarse e de resistir.

A CUBA AUTOCRÍTICA

Sorprendeunos satisfactoriamente o tono autocrítico en moitas intervencións de participantes de Cuba. Temas ata o momento considerados tabú, como a trata de persoas, prostitución, pobreza, educación, participación popular e o mesmo feminismo, están postos en discusión dende un desexo de revolucionar permanentemente a revolución socialista. Porque as revolucións, se se paralizan, deixan de ser revolucións.

Fronte a este espírito de apertura e de transformar o construído, contrasta o "pechemos filas" de movementos e articulacións internacionais asociadas a gobernos "progresistas" como é o foro de Sao Paulo, os movementos do Alba. Entendemos que se necesita solidariedade, pero non podemos reducir o noso discurso a un contra ataque ao sistema capitalista e deixar a autocrítica, ou aspectos de ética que atravesan estos movementos, a un lado, xustificando actuacións e violacións de dereitos humanos ou dereitos emerxentes colectivos "pola causa" Este último foi un tema recorrente no encontro. Se non pasan situacións e reaccións como en

Nicaragua, onde un goberno que se chama ou se clasifica como de "esquerdas", se converte nun poder único, represor, dictadura, pero que algúns non son quen de analizar e posicionarse por este ideal superior de "esquerdas".

Un mozo cubano dicía que o imperialismo métese polas feridas que deixa a falla de ética da esquerda, como é por exemplo a corrupción, ou o pensamento imposto único e, de aí, métese no noso pensamento e ata o corazón. Estas feridas só se sandan co recoñecemento da mesma, e con accións que mostran unha actitude ética, se non as nosas propostas dende "a esquerda" perden credibilidade.

ARTICULACIÓN DENDE AS VOCES FEMINISTAS, INDÍXENAS E AFRO

Evidentemente, fronte á forza do poder hexemónico, a gran demanda é articularnos, xuntarnos e apoiarnos.

Aquí só dúas ideas que resoan en nós dende este encontro:

A diversidade é unha riqueza para as resistencias. Para evitar que cada quen se peche na súa resistencia e só propoña "a súa axenda", propoñemos que cada quen incorpore nas súas analises as propostas doutras dende o seu propio marco ideolóxico. Dende o feminismo e a análise do patriarcado, avanzouse moito neste exercicio de pensar e ver a interrrelacion do patriarcado coa dominación capitalista e colonial, creando propostas de pensamento e de accións concretas que toman en conta esta engrenaxe.

Aínda falla profundar na incorporación das análises e prácticas feministas nas visións, estratexias, accións e propostas da esquerda.

Outras visións desprazadas foron e seguen a ser as voces dos pobos orixinarios, e das mulleres nos pobos orixinarios. En Paradigmas evidénciase a súa presenza dende a sesión plenaria. Sería moi importante incorporalas e darlles espazo nos paneis, porque é necesario escoitar, por exemplo, o que aportan en promover articulación autónoma e non en relación ao poder dominante, manifestado en partidos políticos e no sistema e modelos e espazos políticos estruturais globalizados, xa que este é patriarcal, capitalista e colonial.

É difícil en poucas palabras poder recoller a experiencia e riqueza do que permiten espazos como este xerado en Paradigmas, valoramos sempre a posibilidade do encontro, de diálogos de saberes, poder dedicar tres dias a repensar e repensarse, a conectar e conectarse, a incorporar e aprender doutras, para nós é importante potenciar máis espazos e voces de mozas, feministas, pobos orixinarios e iniciativas autónomas para, xuntas, poder ir sumando iniciativas para conseguir territorios libres, xustos, diversos e complementarios, sen medos, violencia, agresións, fronteiras e silencios.

Quen sementa coidados, colleita cambios

Comisión de Coidados de Entrepobos

A Comisión de Coidados de Entrepobos vén xestándose dende hai 3 anos, cando empezamos a traballar na Escuelacción cuestións metodolóxicas de facilitación de grupos

Pero o que empezou como unha preocupación ou unha cuestión máis metodolóxica, foi penetrando nun cambio de mirada cara a procesos e prácticas que poñen en valor as transformacións dende o próximo, dende o cuestionamento persoal e colectivo cara a formas máis democráticas e máis transformadoras: onde seguir aprendendo nos *cómo*.

Comenzouse un longo camiño para traballar os coidados no interior da nosa organización, onde o tránsito é máis importante que o destino, entendendo o "coidar" e "coidarse" como parte fundamental da nosa organización, un coidar politizado, un coidar dende o político e dende o persoal, onde co enfoque de sustentabilidade da vida se poña no centro as persoas e o planeta, pero tamén o interior do noso Entrepueblos/ Entrepobles/ Entrepobos/ Herriarte, entendendo que a xustiza social parte dende o próximo e o cotián.

O encontro realizado no mes de febreiro deste ano en Vilafranca del Penedès, **"Sementando coidados para colleitar cambios"**, supuxo esparexer as sementes dun xeito máis amplo na asociación, de como aprender novos xeitos de organizarnos, de convivir, de participación..., en definitiva, medrar no político e no persoal.

Froito da xornada foi a sistematización de todas as reflexións que se produciron nela, os materiais partillados, as aprendizaxes. Démosnos a oportunidade de vivírmonos dende lugares máis amables e afectuosos...

Entre os contidos que fomos e imos traballando, está dende cómo abordar de maneira máis operativa os tempos e tarefas nos grupos en xeral e nas reunións en particular; ata cómo revisar as dinámicas no grupo e cómo nos relacionamos, dende distintos roles e rangos, e cómo deconstruír os nosos privilexios, para visibilizar todas as relacións de poder, de tal xeito que dende a conciencia poidamos realmente traballar de formas horizontais, inclusivas e de consenso dende a diversidade do colectivo.

Incorporar a nosa diversidade significa que non todas as persoas temos as mesmas responsabilidades persoais e familiares, que non todas tivemos as mesmas experiencias, nin a mesma formación, que non todas somos quen de expresar os nosos sentimentos, que non todas nos desenvolvemos igual nos espazos públicos, nin temos a mesma solvencia económica, nin o mesmo tempo dispoñible, nin as mesmas expectativas… Entender a diversidade, permite á organización incorporar a conciliación, a corresponsabilidade e a transparencia nas nosas prácticas políticas.

Ademais, tamén implica dotarnos de ferramentas para xestionar os conflitos, para velos e detectalos, pero tamén para afrontalos da mellor maneira posible, entendendo que o conflito está sempre presente nas relacións humanas. Neste sentido, dende a *Comisión de Coidados*, queremos impulsar en todas as Organizacións Territoriais (OT) de Entrepobos que así o queiran, formación sobre como abordar os coidados, pero tamén que sexa unha ferramenta para poder afrontar calquera conflito dende o acompañamento. Por iso, a Comisión de Coidados quere ser un apoio para a formación neste ámbito das OT, para o cal teñen ao seu dispór o mail sembrandocuidados@entrepueblos.org, de tal xeito que poidamos abordar ou pedir axuda externa cando sexa necesario, entendendo que nos camiños de transformación, coidármonos ayudaranos a medrar politicamente, no persoal e como organización.

Modernidades contrahexemónicas. Pluralismo xurídico e sistemas normativos indíxenas contemporáneos

Pobo shuar de Ecuador

Entrepueblos/Entrepobles/Entrepobos/Herriarte

Observatori DESC

"O relato liberal da modernidade, cuestionado ao longo da súa historia dende distintas -e antagónicas- frontes, segue hoxe vixente, aínda que, sen dúbida, non estea vivindo os seus mellores tempos. O tal relato basearíase nunha concepción evolutiva da humanidade: as sociedades transitan unha liña de progreso que explica a mellora das súas condicións de vida. Nesa liña, o lugar de vangarda ocuparíano as sociedades liberais, capaces de ter asentado un modelo de organización -social, económica, política- baseado na razón, a autonomía individual e a igualdade (formal) dos seus membros.

Dito plan, o da modernidade liberal, topou coa resistente teimosía de numerosos pobos indíxenas ao longo e ancho do planeta. Esa teimosa resistencia, e as loitas que a foron tecendo, indubidablemente emerxeu do sentimento do alleo, a radical diferenza que ofrecen as premisas do modelo liberal-capitalista respecto das que guiaron o percorrido de tales pobos. Así, estraña a separación entre ser humano e natureza, o antropocentrismo a ultranza e o carácter instrumental do resto de seres e entes naturais; estraña igualmente a insistencia no individualismo, e en nocións abstractas de relación, como o son a igualdade e a liberdade meramente formais.

Pero tamén a cotío a resistencia explícase polo evidente incumprimento das promesas de dita modernidade. Lonxe de supoñer unha mellora ostensible nas condicións de vida, a chegada do modelo liberal capitalista supuxo, na meirande parte de casos, un sistemático despoxo de territorios e de recursos e un debilitamento dos lazos colectivos que implicou tamén un aumento da súa fraxilidade como individuos, crúamente expostos aol terreo das violencias privadas e estatais.

Fronte a unha modernidade curtopracista e abismalmente asimétrica, os pobos indíxenas veñen construíndo unha subxectividade política disidente, anticolonial e creadora doutras modernidades, outras contemporaneidades."

Fragmento do prólogo de Marco Aparicio

O presente libro fíxase nunha das expresións desa outra modernidade, a do dereito ao propio Dereito, ás propias formas de organización colectiva. Pero non queremos preguntarnos como debería ser a acomodación da diversidade, senón repensar de raíz o xeito en que nos configuramos socialmente. A diferenza e o conflito como fonte de inquedanza e de dúbida; a dúbida e a inquedanza como fonte de transformación.

As distintas contribucións que integran este traballo, compilado por **Marco Aparicio Wilhelmi**, apórtannos un coñecemento situado, vivido. Son reflexións compartidas que percorren realidades da pluralidade das Américas (Colombia, Guatemala, Ecuador e México), amosando diferenzas, conflitos e dúbidas que mobilizan un pensamento preñado de impugnación creativa:

- O dereito aos sistemas normativos indíxenas no marco do pluralismo xurídico, por Asier Martínez de Bringas.
- O paso suspendido da pluralidade. Pobos indíxenas, proceso de paz e xustiza transicional en Colombia, por Andrée Viana Barcés.
- Etnocentrismos e desigualdades no desenvolvemento das xustizas indíxenas. O caso de Ecuador e o pobo shuar, por Raúl Márquez Porras.
- Pluralismo xurídico en Guatemala: pola necesidade de nomear a dimensión invisible da xustiza, por Mónica Mazariegos Rodas.
- A xustiza tzeltal en Chiapas, México; o regreso do corazón e a defensa da harmonía, por Lola Cubells.
- Empoderamento indíxena ou instrumentalización estatal? A oficialización das xustizas indíxenas en Michoacán, por Orlando Aragón Andrade.
- Dereito e xustiza ñuú savi. Principais características do sistema xurídico do pobo mixteco, por Francisco López Bárcenas.

Tal como sinala Marco Aparicio na súa presentación "As reivindicacións dos pobos indíxenas tiveron que adaptarse á linguaxe da hexemonía liberal, dunha concreta concepción da política e do Dereito. Nesa adaptación foise transitando por aspectos segmentados da libre conformación como pobos. Así, reclamouse o dereito á terra, ao territorio, ao acceso aos recursos naturais, á consulta previa, libre e informada, ás formas propias de organización e de decisión -o dereito ao propio Dereito. Esas parcialidades da libre determinación emerxeron fronte a ameazas concretas exercidas por poderes privados, e polo Estado (…) No seu conxunto, a autodeterminación política viuse afogada no mar da uniformidade individualizadora, onde o colectivo só pode conterse e representarse a través do Estado ou, todo o máis, a través de formas políticas sub-estatais infraordenadas".

Neste marco as reflexións que se propoñen nesta publicación teñen como obxectivo mover a comprensión das reivindicacións dos pobos indíxenas cara a posicións que expresen o conflito, pero que sexan capaces de albergar ao mesmo tempo o diálogo, a negociación, o acordo.

Este libro é froito da colaboración de Entrepobos e o Observatori DESC que, no marco do proxecto "As mulleres indíxenas e campesiñas protagonistas na construción do Estado plurinacional a través da defensa e promoción dos dereitos colectivos e das mulleres indíxenas en Ecuador", co apoio da *Agencia Catalana de Cooperació al Desenvolupament*, colaboramos co movemento indíxena deste país andino, segundo a súa propia estratexia de fortalecemento organizativo e capacidade de incidencia.

Dentro desta estratexia de cooperación co movemento indíxena ecuatoriano, destacamos especialmente a organización das mulleres indíxenas para a súa participación política –tanto no interno, como na representación externa do movemento–, a incidencia política para a defensa dos seus dereitos, e o fortalecemento da xustiza indíxena, recoñecida formalmente pola Constitución ecuatoriana, pero aínda lonxe de estar consolidada na práctica. E especialmente prioriza o desenvolvemento do enfoque de xénero nas instancias e os procedementos desta xustiza indíxena.

Froito deste proceso quixemos promover esta publicación que recolle voces distintas en torno á Xustiza Indíxena en diversas rexións de Abya Yala e dende diferentes enfoques, aportando unha actualización dos diversos debates existentes, feita dende dentro do movemento, e achegándonos a outra expresión teórica e práctica da legalidade, non suficientemente coñecida que nos axuda a relativizar os nosos conceptos e categorías eurocéntricas, e nos adentra no coñecemento e o recoñecemento do pluralismo xurídico, tal como sinala Marco Aparicio na súa presentación.

DOMICILIO SOCIAL
Av. Meridiana, 30-32, esc. B, entl. 2a • 08018 Barcelona
Telf. 93 268 33 66 • Fax. 93 268 49 13
info@entrepueblos.org www.entrepobos.org
www.facebook.com/Entrepbs @EntrepbsHarte www.instagram.com/entrepbs

PODES ATOPARNOS EN

ANDALUCÍA
- C/ José Mª Moreno Galván, 18, Bl.K - 2º B 41003 Sevilla · T. 616 564 551
- ep.andalucia@entrepueblos.org
- entrepueblos.sevilla

ASTURIES
- ep.asturies@entrepueblos.org

CASTELA-A MANCHA
- ep.castillalamancha@entrepueblos.org

CASTELA-LEÓN
- ep.valladolid@entrepueblos.org
- ep.burgos@entrepueblos.org
- ep.zamora@entrepueblos.org
- ep.cyl@entrepueblos.org
- ep.palencia@entrepueblos.org
- entrepueblosvalladolid.wordpress.com
- entrepueblosencastillayleon
- @EntrepueblosV

CATALUNYA
- C/ August 21, entl. 1a · 43003 Tarragona
- C/ Raiers 13 · 25500 La Pobla de Segur (Lleida)
- Av. Meridiana 32, ent. 2ª (esc. B) 08018 Barcelona
- penedes@entrepobles.org
- entrepoblespenedes.wordpress.com
- entrepoblesbarcelona.wordpress.com
- @EntrePobles_Tgn
- EntrePobles-Camp-de-Tarragona
- EntrepoblesPenedes

COMUNIDADE DE MADRID
- ep.madrid@entrepueblos.org
- EntrepueblosMadrid

EUSKAL HERRIA
- herriarte@gmail.com

ILLES BALEARS
- C/ Carme, 6 · 07701 Maó (Menorca)
- mallorca@entrepobles.org
- EntrePobles-Mallorca

LA RIOJA
- Apdo. 1.327 · 26080 Logroño

PAÍS VALENCIÀ
- C/ Sant Isidre 9 · 03803 Alcoi
- C/ Venezuela 1 · 03610 Petrer
- Paratge Sant Josep. C. Pipa 7 12600 Vall d'Uixó (Castelló)
- paisvalencia@entrepobles.org
- alacant@entrepobles.org
- entrepoblesalacant.wordpress.com
- EntrepoblesPaisValencia

REXIÓN DE MURCIA
- marcuba3@gmail.com

CONTRIBUCIÓNS ECONÓMICAS

IBAN (ES05) Triodos Bank (1491) Oficina (0001) Núm. c.c. (21-3000079938) • Avinguda Diagonal, 418, 08037 Barcelona

EntrePobos - BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Solicitude de ingreso coma socio/a

Nome e apelidos _____
_____ NIF * _____
Data de nacemento _____
Enderezo _____
_____
C.P. _____ Poboación _____
Teléfono _____ Profesión _____
E-mail _____

Cota anual ___75 € ó _____ €
Se ten dificultades económicas pónase en contacto para flexibilizar tu contribución.
EntrePobos recomenda fixala no 0,7% do salario.

Orde de pago para a Entidade Bancaria

Banco / Caixa _____

NUMERO DE CUENTA - IBAN																								
IBAN				ENTIDAD				SUCURSAL				D.C.		NÚM. CUENTA										

Prégolles que desde a presente pague os meus recibos que a ONG EntrePobos les presente al cobro con cargo a mi cuenta.

Nome e apelidos _____
Enderezo _____
C.P. _____ Poboación _____

Sinatura

*NIF indispensable para a dedución do IRPF

Aviso legal: De acordo co *Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 ("RGPD")*, a Asociación Entrepueblos/Entrepobles/Entrepobos/Herriarte garante a confidencialidade e seguridade no tratamento dos datos de carácter persoal, que se usará só para formalizar o rexistro e recibir a información como socia/o e non será transferida a terceiros en ningún caso. Pódese exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través do noso enderezo postal (Avda. Meridiana 30-32, entl. 2o B · 08018 Barcelona)